

Asunto: Alegacións á RESOLUCIÓN do 22 de setembro de 2021, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) e declaración de utilidade pública do proxecto do parque eólico Albariño I, situado nos concellos de Baiona, Oia e Tomiño, provincia de Pontevedra (IN661A 2007/1-4). DOG Núm. 207, do 27 de outubro de 2021.

Don/Dona _____ con DNI. Número _____,
con domicilio a efectos de notificacións en _____ C.P.: _____,
concello de _____, provincia _____, teléfono _____,

EXPÓN:

ALEGACIÓN 1. O PLAN Sectorial Eólico Galego carece de Estudo Ambiental.

ALEGACIÓN 2. O tempo outorgado para a exposición pública e presentación de alegacións vulnera o artigo 125 do RD 1955/2000, o artigo 36.1 da Lei 21/2013, o artigo 6 da Directiva 2011/92/UE.

ALEGACIÓN 3. Falla da preceptiva publicación do anuncio de exposición a información pública do proxecto no BOE segundo o artigo 125 do RD 1955/2000.

ALEGACIÓN 4. O desfase temporal entre a realización do proxecto e o EsIA (ano e 10 meses), converte a éste último en inútil, e toda a tramitación ambiental en un documento elaborado *ad hoc*.

ALEGACIÓN 5. Falla de xustificación da necesidade do despliegue eólico actual e previsto.

ALEGACIÓN 6. Non consta estudo de impacto ambiental das alternativas propostas, solo da alternativa escollida.

ALEGACIÓN 7. O Concello de Gondomar non consta como concello afectado polo Parque Eólico na resolución publicada no DOG e faltan documentos a exposición pública segundo dita resolución.

ALEGACIÓN 8. O Promotor (Ceólica Hispania, S.L.) non xustifica a declaración de interese autonómico do proxecto eólico, nin a declaración de tramitación de urxencia do proxecto nin a declaración do proxecto como iniciativa empresarial prioritaria.

ALEGACIÓN 9. O proxecto publicado contén modificacións sustanciais con respecto ó publicado no DOG de 01/08/07 e DOG do 23/03/2012 polo que debe ser considerado nulo na súa totalidade.

ALEGACIÓN 10. A DIA publicada no DOG do 23/03/2012 debe considerarse obsoleta e caducada polo que corresponde anular o proxecto por ser disconforme a dereito.

ALEGACIÓN 11. Existe superposición de poligonais entre os PEs Albariño I, Torroña I e Toroña.

ALEGACIÓN 12. Existe solapamento de aeroxeradores do PE Albariño I e o PE Toroña.

ALEGACIÓN 13. Fragmentación fraudulenta de PEs. Os PEs Albariño I, Torroña I e Toroña comparten estruturas polo que deben ser considerados proxecto único.

ALEGACIÓN 14. Vulneración da Directiva 92/43/CEE relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres

ALEGACIÓN 15. Deficiente avaliación da afección a hábitats e especies de interese comunitario consonte á Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.

ALEGACIÓN 16. Non se avalían os efectos sobre a superficie de ampliación da RN2000 proposta no ano 2011 (ES1140018).

ALEGACIÓN 17. Deficiente avaliación da afección a especies incluídas no Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

ALEGACIÓN 18. Deficiente avaliación dos efectos a espazos de Rede Natura 2000 (LIC A Ramallosa, ES01425).

ALEGACIÓN 19. Vulneración do artigo 3 da Ley 42/2007 del patrimonio Natural y de la Biodiversidad.

ALEGACIÓN 20. Deficiente avaliación sobre os efectos á fauna e á flora.

ALEGACIÓN 21.- Deficiente avaliación dos efectos sobre os recursos hídricos.

ALEGACIÓN 22.- Deficiente avaliación sobre os efectos ocasionados polo efecto de parpadeo.

ALEGACIÓN 23.- Deficiente avaliación sobre os efectos do ruído na fase de construción.

ALEGACIÓN 24.- Vulneración das determinacións do planeamento urbanístico municipal dos concellos de Baiona, Oia, Tomiño e Gondomar.

ALEGACIÓN 25.- Deficiente avaliación dos efectos derivados dos procesos de restauración e revexetación.

ALEGACIÓN 26.- Inadecuada temporalización dos traballos.

ALEGACIÓN 27.- Deficiente avaliación dos efectos derivados da eliminación dos aeroxeradores na fase de desmantelamento.

ALEGACIÓN 28.- Afección sobre a calidade paisaxística e sobre o tecido socioeconómico.

ALEGACION 29.- Deficiente avaliación dos efectos ambientais sinérxicos e acumulativos.

ALEGACION 30.- Non se inclúe unha adecuada avaliación do recurso eólico.

ALEGACIÓN 31. O informe de impacto arqueolóxico non contempla a totalidade do patrimonio potencialmente afectado.

ALEGACIÓN 32. Non se contempla nin se avalían os efectos sobre o patrominio etnográfico.

ALEGACIÓN 33. Non se avalían os efectos sobre as modificación das áreas territoriais dos garranos.

ALEGACIÓN 34. Non se avalían os efectos sobre o patrimonio inmaterial.

ALEGACIÓN 35. Vulnéranse as Directrices da Paisaxe e non se avalían os efectos sobre os Bens do Patrimonio Inmaterial da Humanidade.

ALEGACIÓN 36. Non se avalía a aceptación da poboación ó parque eólico, que foi amplamente rexeitado polos plenos de todos os concellos afectados e pola sociedade en xeral.

Por todo o anteriormente exposto **SOLICITO** que teña por presentado este escrito e por formuladas as alegacións que contén, que se presentan en tempo e forma, que sexan estimadas as mesmas e que en consecuencia se desestime a solicitude de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) e declaración de utilidade pública do proxecto do parque eólico "Albariño I", téndome por parte interesada, déseme traslado da resolución que recaia no presente procedemento administrativo.

OUTROSÍ DÍ: Que é preciso unha resposta razoada a estas alegacións de acordo a la Ley 39/2015, de 1 de octubre, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A falta de resposta é motivo de nulidade da tramitación.

En _____ a _____ de _____ del 2021

Asdo.: _____